



**Grupo
Parlamentario
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:23
Nº Rexistro: 40011**

Data envío: 02/12/2025 16:50:23.446

Asinado o día 02/12/25
16:48
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Silvia Longueira Castro, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É xa un unha realidade manifesta a ineficacia e mala xestión do transporte en Galicia. Unha realidade que contrasta de xeito teimudo con esa “lei de impulso demográfico” que pretende asentar a poboación ao territorio e que o que supón é unha fuxida das intencións de morar nunha vila ou cabeceira de comarca que está destinada a un “sálvese quen poida”.

O caso da vila de Betanzos é unha singularidade que se está a replicar noutras vilas galegas. Neste caso unha cabeceira de comarca, con máis de 13.000 habitantes, chamada a recoller poboación procedente non só do eido rural que o circunda, senón tamén da cidade da Coruña.

O fluxo diario de persoas que se desprazan entre A Coruña e Betanzos, vai en aumento. O último cómputo ofrece o dato de 2.771 desprazamentos externos diarios. O que significa que non están contabilizados os desprazamentos de ida e volta e mesmo o número de persoas que viaxan en vehículo particular, co cal o número sería moito maior.

Ademais de “descabalgar” os horarios que estaban establecidos coa cidade da Coruña, con unha periodicidade e liñas concretas, os usuarios que de habitude empregan o transporte público entre ambas poboacións atópanse con cambios constantes ao chegar ás paradas de autobús. Desde cambios de última hora,

Asinado o día 02/12/2025 ás
16:48
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/12/2025 ás
16:48
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:23
Nº Rexistro: 40011
Data envío: 02/12/2025 16:50:23.446

demoras de máis de 20 minutos así como autobuses que ao encherse as prazas deixan en terra a un bo número de pasaxeiros que non teñen outra opción para achegarse ao seu traballo. Tendo en contas, ademais, que os pasaxes en moitos casos, xa están comprados.

Nas últimas semanas, estes incidentes sucédense con unha frecuencia inusitada, algo que ven acontecendo en modo de escalada sen freo. Cada vez hai máis persoas que teñen que arranxarse para mudar o seu medio de transporte para acudir ao traballo e que se atopan con incidencias como as xa mencionadas sen poder facer nada ao respecto.

Por tal motivo, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Inspeccionar ás incidencias da liña de autobuses A Coruña – Betanzos, dando conta a esta cámara, no prazo dun mes, dos retrasos e anulacións de servicios de transporte.
2. Repoñer de inmediato as frecuencias de autobús da liña A Coruña – Betanzos nos tramo horario de maior frecuencia para acudir e retornar ao traballo entre ambas poboacións.

Santiago de Compostela, a 2 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/12/2025 16:48:22

Carlos López Font na data 02/12/2025 16:48:28

Aitor Bouza Manso na data 02/12/2025 16:48:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/12/2025 16:48:42



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 16:50:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:23
Nº Rexistro: 40011
Data envío: 02/12/2025 16:50:23.446

CSV: REXP-G-TTt5bec-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

